

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. XULIO CAMBA  
CURSO: 1º A 6º EP  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DATA: 11/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| <b>1º EDUCACIÓN PRIMARIA</b>  |   |
| - Identificar e valorar a creación como acto de amor de Deus ao Home.               | - 1.1.1 Coñece, respecta e cuida a obra creada [ CAA , CSC ]  |
| - Identificar a María e a Xosé como pais de Xesús.                                  | - 3.1.1. Identifica a María e a Xesús como comunidade na que Deus faíse presente entre os homes..[ CCEC , CSC ]                       |
| - Valorar que Deus fálalles aos homes como amigos.                                  | - 2.1.1. Coñece e valora que Deus fala a Abrahán e Moisés para ser o seu amigo. [CCEC , CSC ]   |
| - Valorar a súa familia como o fixo Xesús.  | - 3.1.2 Valora e respecta a familia de Xesús a semellanza da súa. [CSC,CCEC]  |
| - Coñecer e nomea os principais momentos da paixón , morte e resurrección de Xesús. | - 3.3.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús. [ CL , CSC,CCEC ] |

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| - Identificar o significado profundo do Nadal.                                | - 3.3.1. Coñece o relato do nacemento de Xesús e descobre na actitude e palabras dos personaxeso valor profundo do Nadal. [ CL , CSC, CEC ] |
| - Recoñecer a incapacidade da persoa para alcanzar por si mesmo a felicidade. | - 1.2.1. Descubre e nomea situacións nas que necesita das persoas, e sobre todo a Deus, para vivir. [ CL, CAA, CSC ]                        |
| - Recoñecer o Bautismo como medio para formar parte da Igrexa.                | - 4.1.1 - Coñece e explica coas súas palabras o sentido do Bautismo. [CL, CAA   |
| - Coñecer aos pais e padriños bautizados como pobo de Xesús.                  | - 4. 1.2. Identifica os pais, padriños, presbíteros, bautizados como pobo xerado por Xesús. [ CCL, CSC]                                     |
| - Identificar a acción de Deus na historia en relatos bíblicos.               | - 2.1.1. Coñece, memoriza e reconstrúe relatos bíblicos da acción de Deus na historia [ CL, CAA, CSC, CEC ]                                 |

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe  |
|---|--|
| - Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorna son un don de Deus para a súa felicidade. | - 1.1.1 Recorda e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou a contorna son un agasallo. [ CSC, CAA, CCL ]                    |
| - Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.                            | - 2.1.1 Aprende e ordena cronolóxicamente os principais feitos da historia de Moisés. [ CSC, CAA ]   |
| - Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.                          | - 3.1.1. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús [ CCL, CSC, CCEC ]   |
| - Distinguir como Xesús fai felices aos home cos seu xestos e accións.                              | - 3.2.2 Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores. [ CSC ]  |
| - Comparar as diferentes respostas dos amigos de Xesús á súa chamada.                               | - 3.3.1. Identifica e comenta algunhas características diferenciales nas respostas das persoas que chama Xesús nos relatos evangélicos. [ CCL, CSC, CSIEE ]. |

### 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe   |
|--|---|
| - Describir o pecado nas relixións antigas.  | - 1.1.1. Localiza e describe situacións de pecado descubertas nos relatos das relixións antigas. [ CCL, CCEC, CSC ]   |
| - Coñecer as características do perdón de Deus.  | - 2.2.1. Descubre e enumera as características do perdón de Deus nalgúns relatos bíblicos [ CCL, CSC, CAA ]   |
| - Crear relatos actualizados das parábolas do fillo pródigo, do fariseo e o publicano. | - 3.1.1. Analiza, comenta e crea relatos onde actualiza as parábolas do fillo pródigo e do fariseo e o publicano. [ CCL, CSC ]                                |
| - Ordear escenas da Historia da Paixón   | - 3.4.1 - Secuencia ordeadamente escenas da Historia da Paixón e identifica as palabras de Xesús que expresan a súa relación co Pai. [ CCL, CCEC, CSC, CMCT ] |
| - Recoñecer que Xesús sente admiración polos máis necesitados e os enfermos.           | - 3.3.1. Busca, subliña e comenta trazos da preferencia de Xesús polos máis necesitados e os enfermos nos textos evanxélicos. [ CCL, CSC ]                    |

|   |  |
|---|--|
| - Memorizar escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías. | - 2.5.1 - Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías. [ <b>CSC, CCEC</b> ] |
|---|--|

### 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Criterio de avaliación   | Estándar de aprendizaxe  |
|--|--|
| - Prantear situacións na historia onde se vexa o bó que é facer o ben.                 | - 1.2.2 Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facer o ben. [ <b>CCL, CSIEE, CCEC</b> ]   |
| - Explica a Alianza de Deus coseu pobo.  | - 2.1.2 - Explica e sintetiza os trazos característicos da Alianza de Deus co seu pobo. [ <b>CCL, CAA, CCEC</b> ]                                      |
| - Comprender e respectar as características do pobo que Deus que aparecen no decálogo. | - 2.2.1. Clasifica e é consciente do contido do decálogo [ <b>CSC</b> ]  |
| - Aprecia as características do encontro con Xesús.                                    | - 3.1.1 - Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos. [ <b>CCL, CSC, CSIEE</b> ] |
| - Coñecer e Interpretar o significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.       | - 3.2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres. [ <b>CCL, CAA, CSC</b> ]                                |

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

| Criterio de avaliación  | Estándar de aprendizaxe   |
|---|---|
| - Nomear e xuzgar actuacións nas que valora a imposibilidade de ser feliz.  | - 1.1.1. Identifica e xuzga situacións nas que reconece a imposibilidade de ser feliz. [ <b>CCL, CSC</b> ]  |
| - Identificar acontecementos da historia onde o feito relixioso foi o motor de cambio para os dereitos humanos e a paz. | - 1.4.1 - Investiga e recolle acontecementos da historia onde se aprecia que o feito relixioso foi o motor de cambio para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz. [ <b>CAA , CD , CSIEE</b> ] |
| - Extrapolar as Tentacións de Xesús con situacións que viven os seres humanos.  | - 3.2.1 - Extrapola as dificultades que tivo Xesús na súa vida para obedecer ó Pai con situacións que viven os seres humanos. [ <b>CAA , CSC</b> ]  |
| - Comprender que a misión de Xesús continúa na Igrexa.  | - 3.3.2. Constrúe un mapa comparativo das accións de Xesús e as da Igrexa.[ <b>CMCT, CD, CSIEE</b> ]  |
| - Facer unha composición sobre a Pascua, tempo de resurrección.   | - 4.2.2 - Crea unha composición onde se exprese a ledicia e a paz que experimentaron os discípulos ao atoparse co Resucitado. [ <b>CSC, CCEC, CAA, CCL</b> ]  |

| <b>2. Avaliación e cualificación</b> |   |
|--------------------------------------|---|
| <b>Avaliación</b>                    | <p><b>Procedementos:</b> Revisión das cualificacións da 1ª e 2ª avaliación.<br/>A maiores e de xeito unicamente positivo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Valoración da participación nas actividades propostas.</li> <li>- Análise das producións recibidas do alumnado (máis que no resultado estrito, no esforzo e interese amosado).</li> </ul>  |
|                                      | <p><b>Instrumentos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Fichas impresas sobre os contidos de repaso/reforzo deste período, traballo online , fotos das tarefas, vídeos que manden...</li> <li>- Diario de actividade do profesorado.</li> </ul>  |
| <b>Cualificación final</b>           | <p><b>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 2ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso.</li> <li>- 3ª avaliación: valoración da realización das actividades de repaso/reforzo durante o período non presencial cun 20% do total da cualificación final do curso.</li> </ul> <p>Valorarase que sexan entregadas <b>actividades propostas de TODAS as semanas</b> (salvo causas de forza maior), e que haxa un esforzo por parte de cada alumno/a no desempeño das tarefas, acorde coas súas capacidades e coa situación que se está a vivir.</p> |

| <b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b> |  |
|--|--|
| <b>Actividades</b>   | <p>Presentarase ao alumnado actividades de repaso/reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre.<br/>A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia evitando a saturación de traballo e enviaráselle tarefas semanalmente.</p>   |
| <b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>  | <p>Semanalmente súbense as tarefas do alumnado á aula virtual. Cada nivel ten o seu espazo polo que as familias poden acceder e descargar os arquivos. Mediante o correo electrónico pódome en contacto coas familias para mandarlle a tarefa. Máis adiante, respóndenme cun e-mail cós exercicios feitos, para que despois os envíe corrixiados.</p> <p>As familias que dispoñen de impresora poden imprimir as fichas pero non é imprescindible xa que poden facelas no caderno, sen necesidade de recurrir á impresión.</p> <p>Dadas as dificultades dalgunhas familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo online, de conexión de calidade de internet, de coñecementos informáticos para desenvolver o traballo... o centro facilita as fichas impresas para que cheguen a todos cada semana.</p> <p>O alumnado ten toda a semana para realizar as tarefas e ao rematar debe facelas chegar ao titor polo medio estipulado: correo electrónico, foto por whatsapp,... A finalidade é que haxa un feedback entre alumnado-profesorado e poder facer un seguimento da evolución de</p> |

|                             |   |
|-----------------------------|---|
|                             | <p>todo o alumnado.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto co titor ou especialista para calquera dúbida ou problema.</p> |
| <b>Materiais e recursos</b> | Fichas impresas de repaso de contidos, actividades online, aula virtual, correo electrónico...                                  |

| <b>4. Información e publicidade</b>          |   |
|--|---|
| <b>Información ao alumnado e ás familias</b> | <p>Abalarmóbil.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Teléfono.</p> <p>Grupo de whatsapp.</p> <p>Web e aula virtual.</p> <p>Aplicación snappet.</p> |
| <b>Publicidade</b>                           | Publicación obrigatoria na páxina web do centro.  |